

CARBALLO EMPRENDE 2010

BASES CONCURSO

“III PREMIO PROGRAMAS DE FOMENTO DA EMPREENDEDURÍA”

Primeira: Obxectivos.

Esta iniciativa sitúase dentro do eido de actuación da Concellaría de Promoción Económica do Concello de Carballo: Promover a cultura emprendedora no ámbito educativo e apoiar os programas formativos para fomento da emprendeduría.

Os obxectivos específicos que se pretenden acadar con esta iniciativa son:

- Promover a cultura emprendedora no ámbito educativo.
- Impulsar a creación de proxectos empresariais.
- Apoiar os programas formativos que teñan como principal obxectivo o fomento da emprendeduría.

Segunda: Requisitos dos participantes.

Poderán participar no Premio de Fomento da Emprendeduría os centros educativos e entidades sen ánimo de lucro que programen actividades ou accións encamiñadas á consecución dos obxectivos establecidos nestas bases.

Terceira: Ámbito territorial.

Todos os programas presentados deberán desenvolverse nos municipios das comarcas de Soneira, Fisterra e Bergantiños.

Cuarta: Criterios de valoración.

Para valorar as candidaturas teranse especialmente en conta os seguintes criterios:

- a) Número de persoas beneficiarias do programa
- b) Contido do programa e a súa vinculación coa realidade económica e social dos municipios incluídos na convocatoria
- c) Carácter innovador do programa

Quinta: Xurado.

O xurado estará integrado por dous membros en representación da Cámara de Comercio da Coruña e dous membros en representación do Concello de Carballo, un deles o Concelleiro de Promoción Económica, que actuará como Presidente do xurado.

As decisións do xurado serán inapelables e adoptaranse por maioría simple. En caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente do xurado.

Sexta: Dotación dos premios.

Por parte do Concello de Carballo entregarase un premio de 1.000 euros á entidade que presente o programa que obteña unha maior puntuación segundo o ditame do xurado.

Sétima: Documentación e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes de participación poderanse presentar ata o 10 de maio de 2010 ás 13 horas no Concello de Carballo, Praza do Concello, s/n, 15100 - Carballo. A documentación a presentar será a seguinte:

- a) Solicitud de participación cuberta e asinada (Anexo I).
- b) Declaración xurada de veracidade de datos, cuberta e asinada (Anexo II).
A presentación desta declaración non exclúe as posteriores comprobacións de documentos acreditativos que puidese levar a cabo o comité organizador para a verificación dos datos.
- c) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou documento análogo do solicitante ou do seu representante.
- d) Memoria do programa de accións formativas cun máximo de 5 páxinas (DIN-A4) a unha soa cara, mecanografiadas ou redactadas mediante procesador de texto.

Na memoria da idea empresarial deberase facer referencia de xeito breve e conciso aos seguintes aspectos:

1. Obxectivos do programa

- 1.1. Antecedentes
- 1.2. Obxectivos que se queren acadar con esta iniciativa.

2. Descrición do programa

- 2.1. Promotores da programa
- 2.2. Descrición das accións: Realizar unha descrición o máis breve posible das accións desenvolvidas nos últimos dous anos e indicar o número e o perfil das persoas destinatarias.
- 2.3. Carácter innovador do programa
- 2.4. Vinculación do programa con proxectos promovidos por outras entidades ou axentes implicados no fomento da emprendeduría.

3. Información complementaria

3.1. Toda a información que ao seu xuízo poida ser tida en conta para este premio.

Oitava: Entrega de Premios.

O premio entregarase ao galardoado durante a clausura das xornadas "*Carballo Emprende 2010*" que terán lugar no Viveiro de Empresas da Cámara de Comercio en Carballo os días 19 e 20 de maio de 2010.

Novena: Protección de Datos.

Os datos de carácter persoal recollidos na documentación entregada polos participantes serán tratados en conformidade coa Lei Orgánica 15/99, de Protección de Datos de carácter persoal e normativa acorde. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria de premios e só poderán ser cedidos ás entidades colaboradoras na organización e patrocinio dos premios.

Décima: Aceptación. A concorrencia nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases.